

Nº 2270

## OBRAS GALLEGAS

# Foliadas e alalás Alboradas e muiñeiras NO VALADO

feixe de copras axeitadas en forma de parrafeo,  
pol-o vate gallego Sr. AMOR MEILÁN,  
pra representar os nenos Xerardo e Chinita Castro Lamas.


PRECEO 50 CÉNTIMOS

1948  
TIPOGRAFÍA DE XERARDO  
LUGO

REAL ACADEMIA  
GALEGA  
A CORUÑA

F 4609

Biblioteca



# OBRAS GALLEGAS

---

FOLIADAS E ALALÁS

ALBORADAS E MUIÑEIRAS

NO VALADO

FEIXE DE COPRAS AXEITADAS EN FORMA DE PARRAFEOS

POL-O VATE GALLEGOS SR. AMOR MEILÁN

PRA REPRESENTAR OS NENOS XERARDO E CHINITA CASTRO



1913

TIPOGRAFÍA DE XERARDO CASTRO

LUGO

CHORAL DE SANTO

FOLHADAS E MUSICAIS

ALGORITMOS SABIDURIA

CHORAL DE SANTO

CONTENDO UM ALBUM DE 120 PAGINAS COM 100 GRAMAS  
100 FOLHAS DE MUSICAIS, 100 FOLHAS DE CHORAL  
100 FOLHAS DE ALGORITMOS SABIDURIA



# No valado

feixe de copras axeitadas en forma de parrafeo  
pol-o vate gallego

SR. AMOR MEILÁN

pra representar os nénos

XERARDO E CHINITA CASTRO LAMAS

## ACTO ÚNECO

ESCEA PIRMEIRA

Salen de ruada os mozos d'o lugar. Entre eles vai Farruco n-a forma que millor s'estudie y'apropie o carauter d'o que o faga. O pasar por diante d'a porta de Farruca, un d'os mozos fai que lle tira un limón pol-a ventana. O tempo que se van alexando os mozos, Farruco vaise quedando atrás, hasta que vé a Farruca que sale da cocina a husmear pr' onde se dirixen, y-ambos fan un xesto zorro. Estoncias chégase él a cancela e dice:

Farruco. Non maxines que fun eu  
o que botou o limón...  
pra chainar a tua porta  
non perciso chamador.

Farruca. Mozo de trinta rapazas  
e conmigo trinta e unha;  
si todas foran coma eu,  
quedábaste sin ningunha

Farruco. Non lle dés a léngua tanto,  
 nin teñas tanta fachenda,  
 que non chegan a tua porta  
 tantos carretos de renda.

Farruca. Si non me queres por probe,  
 eu non me asaño por eso;  
 na feira, todo se vende,  
 cada cousa no seu precio.

Farruco. O cariño que che teño,  
 e mais o que chei de ter,  
 caben na casca dun hovo  
 e mais ainda na'ha d'encher.

Farruca. Os mozos que hoxe se estilan  
 son poucos, e van a menos.  
 Vintecinco por dous cartos,  
 com' os xurelos pequenos.

Farruco. ¿Seica pensas quen tí penso?  
 Nin penso tal nin maxino;  
 pois teño os ollos fincados  
 en pano moito mais fino.

Farruca. Pol'o sombreiro de lado  
 pra que che vexan o pelo;  
 nin por eso eres bó mozo,  
 nin has de casar mais cedo,

Farruco. As estrelas miudiñas,  
 trayen o tempo revolto;  
 ¿cáondo poderei, Farruca,  
 falar contigo de modo?

Farruca. As berzas da miña horta  
suben por riba do muro;  
algo de conversación  
dáselle a calquera burro.

Farruco. Vóucheme a largar d'aquí,  
que aquí non facemos nada;  
fagamos como o muiño,  
co muiño andando gana.

Farruca. A perdiz anda no monte,  
o perdigón no valado;  
y-a perdiz anda dicindo:  
chégate aquí namorado.

Farruco. Si tí queres e eu quero  
nena de cara redonda,  
si tí queres e eu quero  
unha casa nos abonda.

Farruca. ¿Pensas que te quero moito  
porque che miro pra cara?  
Moitos hay que van a feira  
por ver, e non mercan nada.

Farruco. ¡Ay, que pé para unha media!  
¡que media para un zapato!  
¡ay que cara para un bico!  
¡que corpo para un abrazo!

Farruca. Mirade as ondas do mar  
coma se van confundindo;  
mirade o mozo cativo  
como se vay espelindo.

Farruco. ¿Pensas que son pitochoco  
porque nacín en Xaneiro?  
Si o raposo non me come  
verás si chego o poleiro.

Farruca. Anque chosques e rechosques  
por debaixo d'o sombreiro,  
anque chosques e rechosques  
eiquí, non plantas salgueiros.

Farruco. Eu ei de vir, ei de vir,  
ei de volver e tornar;  
ei de vir y-ei de volver  
hastra te poder levar.

Farruca. O caravel cando nace  
reventa por catro esquinas;  
os homes cando pretenden  
non contan sinón mentiras.

Farruco. Teño us zapatiños novos  
y-outros dados a solar;  
dend'a miña porta a tua  
todol-os ei de gastar.

Farruca. Mira co amor das mulleres  
é com' o zumo da uva;  
si un bebe moito emborracha,  
si bebe pouco dá gula.

Farruco. Pois deixa tí cos meus beizos  
beban na copa dos teus,  
e déixame emborrachar  
hastra non terme de pé.

Farruca. Arreda, can, non me traves  
e arrechégate pra tras  
si non queres que che poña  
o lombo mallado a paus.

Farruco. Eu viñen buscar cariño  
a caron da tua porta;  
si hay amores teño amores  
e si hay loitas teño loitas.

Farruca. Mira que son da montaña  
naçida nos cotos altos  
e sinto nacel-as herbas  
por debaixo dos zapatos.

Farruco. ¡Arriba pandeiro roto!

Farruca. ¡Abaixo, manta mollada!  
onde estamos as mulleres  
os homes non valen nada.

Síntese o canto dos mozos, e namentras parrafean muy  
baixiño Farruco e Farruca.

Este nota qué s-abranda a rapaza, e con sorna comenza  
en alto, dirixindose a ela, a copra con que empeza a se-  
gunda escea.

## ESCEA SEGUNDA.

Farruco. Trigo que ll'a palla doura,  
 logo está par-o fouciño;  
 nena que aturuxa e loita  
 o que quer... e rapaciño.

Farruca. Si souperas como teño  
 o meu curazón por drento,  
 nin me dabas unha fala  
 nin tiñas estrevemento

Farruco. Eiquí a tua veira me tés  
 igual que un feixé de leña;  
 nin bén me dís que me vaya,  
 nin bén me dís que me esteña.

Farruca. Os teus desexos y-os meus  
 sónche moi bós de entender;  
 tí desexas de matarme,  
 y-eu desexo de morrer.

Farruco. O meu corazón che dou  
 e unha chave para o abrir:  
 nin che teño mais que dar.  
 nin tí mais que me pedir.

Farruca. O caravel cando nace  
 todal'as follas estende;  
 non hay cousa mais homilde  
 que un amor cando pretende.

Farruco. Por ben que o loureiro medre  
o ceo non ha chegar;  
por ben amores que teña  
a tí... non t'ei de olvidar.

Farruca. Acórdate que puxeches  
tuas maus sobre das miñas  
acórdate que prometes  
non m'esquecer na tua vida

Farruco. Dín qu'é gloria a tua casa  
y eu n'ela quixera estar;  
que a casa en que vive un anxel  
gloria se debe chamar.

Farruca. O rio cando vai cheo,  
leva carballos e follas;  
inda non me queres moito  
cando conmigo non soñas.

Farruco. Eu non sei o que me deches  
que non te podo olvidar;  
de día, no pensamento  
e de noite, no soñar.

Farruca. Os homes cando pretenden  
moita mel, moita manteiga,  
e despois de casadíños...  
sei que os veu algunha meiga

Farruco. A raiz do toxo verde  
e moi mala de arrincar;  
tamén o primeiro amor  
e moi malo de olvidar

Farruca. Antóxaseme meu ben  
que hei de finar duas veces;  
unha cando Dios me chame  
y outra cando tí me deixes.

Farruco. Si oyes que tocan a morto  
non pergunes quen morreu;  
qu'estando lonxe de tí...  
¿quén ha de ser sinón eu?

Farruca. O día que non te vexo  
nin como nin fago nada  
pásso chorando por tí  
enriba d'unha empallada.

Farruco. Y eu deseando estou verte  
trinta días cada mes,  
na semana sete días  
e cada día unha vez.

Farruca. Da miña ventana a tua  
hay unha larga cadea  
toda chea de sospiros  
toda de sospiros chea.

Farruco. Dend'a tua cas'a miña  
todo ch'é un camiño chau  
de caraveles e rosas  
postas pol-a miña mau

Farruca. Non pense que todo han ser  
caraveliños e rosas,  
que na casa dos casados  
tamen hay espiñas mouras.

Farruco. Esta casa sí que é casa;  
 estas sí que son paredes;  
 n'ela hay ouro, n'ela hay prata,  
 n'ela hay a fror d'as mulleres.

Farruca. O pouco que Dios nos deu  
 cabe n'unha mau cerrada;  
 o pouco, con Dios, é moito,  
 o moito, sin Dios, né nada.

Farruco. Pero con Dios e contigo  
 terei amor e riqueza;  
 quen queira rabiar que rabie,  
 quen adoecer, que adoeza.

Volven d'a ruada os mozos oíndose cantar o lexos, e Farruco e Farruca pónense a escoitalos un pouco tempo.  
 Farruco dispoñéndose a marchar:

Farruco Anque me vou non me vou;  
 anque me vou non te olvido,  
 anque me marcho c'o corpo  
 non che me vou c'o sentido.

Farruca. Adios, eso non ch'o digo,  
 porque e cousa de chorar,  
 adios diceselle os mortos  
 cando os levan a enterrar.

Farruco. Ábreme as portas, que'eu morro;  
 ábremas, que xa morrin;  
 deixache morrer un anxel  
 a porta d'un serafín.

Farruca. Xa tornará darlle vida  
o lume do meu amor

Farruco      ¡Miña ruliña!

Farruca      ¡Meu pombo!


Farruco      Dios te garde...

Farruca      ¡Adios!..

Farruco      !Adioooos!..

Marchando con muita calma e volvendo atrás a cabeza,  
tiralle un bico casi salindo da escea e c' o telón a medio  
baixar.

### CAI O TELÓN





# O bico.-Muiñeira

Letra: *J. Rodriguez López.*

Música: *J. Montes.*

— ¡Ay Maruxiña! por Dios dame un bico

— ¿Que fás? Acouga. ¿Ti seica toleas?

— Pois non me marcho sin que hoxe mo deas.

— Mira que berro, ten quédal-as maus

— Y eu que pensando que tí me querías,  
fixente a dona d'os meus pensamentos.

— Pois si continas co-eses intentos,  
poida que corras d'este sitio a paus.

— Quen nos xuramentos  
fia da muller  
pol-o qu'en tí vexo,  
muy burro ha de ser.

— Xa qu'o meu amor  
te fai anoxar,  
na vida do mundo  
vólvesme a engañar.

— ¡Ay, tí, pol-o visto, as rapazas que tés  
quérelas pro mesmo que quérel-os pés!

Pois vaite con Dios  
xa podes largar  
e nunca me volvas  
na vida a falar.

— Mira o que fas, pois xa teño catro onzas  
para casarme contigo *per sécula*  
Mira o que fas...

— Si te casas.... destonzas

— Seica soa millor esta trécola,

Ay Maruxiña por Dios, dame un bico

— Din qu'os solteiros desmérmallle o amor

— Quéroche tanto que xa non me esprico

— Pois de casado sabrache millor.

Probe d'a quela que dá creto os homes,  
pois todos sodes un fato de pillos,  
e sempre vides co-eses estrebillos  
pra que se fia vo'tala-a perder.

— Probe d'aquel que co-as mulleres xoga  
e que pretende ter d'elas mercedes,  
pois engueréllase nas mesmas redes  
que cobizoso lles quixo tender.

— Ti sempre fuches un zaramalleiro,

— Non desconfies de min, Maruxiña

— Por que non tratas de casarte axiña?

— Por non saber si me queres ou non.

A millor proba d'amor sonche as obras

— Ti faslle as miñas muy pouca xusticia

— Si; pero as d'hoxe non tiñan malicia...

— Eran as ánseas do meu curazón.

— Por eso, o notarche  
tan fero querer  
pensei que me viñas  
a comprometer.

— Non pensaba en tal;  
supoñías mal  
pois por darme un bico  
quedabas igual.

— Nunca un solo bico  
calma o voso afán,

porque mais queredes  
cantos mais vos dán

—Por eso, o meu ver,  
non debe de ter,  
quen pensa nos bicos  
muy firme o querer.

—Fiate en min. Si te quero co-a y-alma  
¿Cómo receas qu'amores che minta?  
Solo son teu...

—Pois arreda, ten calma.

(este merlo non ten mala pinta)

—¿Non me das logo siquera un biquiño  
como unha proba do amor que me tés?

—¿Outra vez volves torcer o camiño?  
Pois o meu lado, por eso, non vés.

—¿Dasme un bico ou non?

—Xa podes largar;  
sin casar conmigo  
non m'has de bicar.

## Alborada de Veiga

Arriba que a aurora  
comenza a pintar  
a luz que namora  
na terra e no mar.

Deixade os leitiños  
meniñas deixai  
qu'os vosos olliños  
dan mais craridá.

Como ese sol qu'alumea

tan galán estrellador...  
 vinde vos soles d'aldea  
 avivar o noso amor  
 que si con lumes e frores  
 sabe a aurora rebuldar  
 vosos cándidos amores  
 saben mellor feitizar.

Vinde fillas d'alborada  
 vinde a ver nacer o sol  
 c'os labiños de granada.  
 que dan celos o arrebol.

C'o remanso d'os airíños  
 d'a fontiña o gurgullar  
 bailaremos en remuiños  
 de dudoso sospitar.

Aaa la ven xa raparigos  
 meu amor miña ilusión  
 cochando entre brancos prigos  
 seu ferido corazón.

N'ay aurora como éla  
 nin mais fresco carabel  
 miña rula ¡miña estrela!  
 motrerei por serche fiel.

Non ves miña prenda  
 aquel sol d'Ourente  
 seu lume crecente  
 e neve p'ra min,  
 ven tí os meus brazos  
 o mundo olvidemos,  
 e amantes seremos  
 n'a vida hastra o fin.

(Autor)

+ Francisco M.<sup>a</sup> de la Iglesia.

# Himno Regional Gallego

---

*Música de Pascual Veiga.*

*Letra de Eduardo Pondal*

¿Que dín os rumorosos  
Na costa verdecente  
O rayo trasparente  
Do prácido luar?

¿Que dín as altas copas  
D'e escuro arume arpado  
C'o seu ben acompañado  
Monótono rosmar?

D'o teu verdor cinguido  
E de benignos astros  
Confin dos verdes castros  
E valeroso chán.

Non dés a esquencemento  
D'ainxuria o rudo encono  
Desperta d'o teu sono  
Fogar de Breogán.

Os bos e xenerosos  
A vosa voz entenden  
E con arroubo atenden  
O voso ronco son.

Mais só os ignorantes  
E feridos duros  
Imbéciles e escuros  
Non vos entenden non.

Os tempos son chegados  
 D'os bardos das edades  
 Q'as vosas vaguedades,  
 Cumprido fin terán.

Pois donde quer xigante  
 A vosá voz pregoa  
 A redenzón d'a bóa  
 Nazón de Breogán.

## Negra Sombra

*M. Montes.*

Cando penso que te fuches  
 Negra sombra que me asombra  
 O pé d'os meus cabezales  
 Tornas facéndome mofa.

Cando maxino qué es ida  
 N'o mesmo sol te m' a mostras  
 Y'eres a estrela que brilas  
 Y'eres o vento que zoa.

Si cantan e que tí cantas,  
 Si choran e que tí choras  
 Y'es o marmurio d'o rio  
 Y'es a noite y es a aurora.

En todo estás; é tí es todo  
 Pra min y' en min, mesmo moras  
 Nin me deixarás tí nunca  
 Sombra que sempre m'a sombras,  
 Nin me deixarás tí nunca  
 Sombra que sempre m'asombras.

## Alalá do Valle de Camba

Tecín sola a miña tea  
 sembrei sola o meu navale  
 sola vou por leña o monte  
 sola a vexo arder no lare.

Nin na fonte nin no prado,  
 así morra co a coraxe  
 él non ha de virme a erguere  
 él xa non m'a de pousare

## Foliada da Coruña

### I

Aunque che veño do xeito  
 non che veño de mallare  
 veño de tendel-as redes  
 alá no medio do mare.

### II

O que navega de noite  
 vai tropezar nos penedos  
 pero eu que ando pol-o día  
 tropezo nos teus enredos.

### III

Teño lancha, teño redes,  
 teño sardiñas no mare  
 teño unha moza bonita  
 xa non quero traballare.

## Alalá da Capela (Coruña)

O muiño moe, moe  
ebota a fariña en roda  
a filla do muiñeiro  
entramentas enamora.

O muiño anda anda  
o rudicio faino andare  
a filla do muiñeiro  
rabea por se casare.

Dios cho pague churrusqueira  
téñochos de merecer  
cando vou o teu muiño  
sempre me deixas moer.

O moiño xa vai vello  
ten silveiras d'arredore  
as mozas que van a ele  
todas perden a colore.

## Alalá de Carballino (Orense)

O cantar d'o arrieiro  
eche un cantar moi baixiño  
cando canta en Ribadavia  
resona no Carballiño.

Aluméame, alumea  
estreliña da fartura  
aluméame, alumea  
mentras que non ven a lua.

Estreliña d'o luceiro  
e mais a da craridade  
vais'o dia, vais'a noite  
vais'a nosa mocedadade.

Si chove deixa chovere  
si orballa deixa orballare  
que eu ben sei d' un abriguiño  
donde me ei de ir abrigare.

## Alalá de Triacastela (Lugo)

A pomba que enviudou  
xurou de non ser casada  
nin pousar en rama verde  
nin beber en fonte crara.

Meniña si t'arrepentes  
do amor que me tiveches  
dame os bicos que eu che dín  
y-eu dareiche os que me deches.

Non canto por cantar ben  
nin pol-a gracia que teña  
canto por dar alegría  
o corazón que ten pena.

Des que che vin o xustillo  
pretendín de ser cordón  
para andar axustadiño  
o par do teu curazón.

## Alalá de Corme (Coruña)

Choran os nenos en Corme  
o pay que ten tantos fillos  
non sei como sono dorme.

Dí o fillo do tecelán  
quen me dera ser estopa  
que tantos bicos lle dán.

O gaiteiro pol'o vran  
que vida pasa o gaiteiro  
co a gaitiña na man.

Esta noite ei de ruar  
quen teña fillas c'as garde  
qu'eu non as vou a gardar.

## Foliada de Negreira

Lanchiña que vas en vela  
levas chaquetas e panos  
para a miña Manuela  
para a miña Manuela  
ay lerelo, ay lerelo, ay lerelo.

Viva quen sabe querere  
viva quen sabe querere  
viva quen no mundo pasa  
penas por unha muller  
ay lerelo, ay lerelo, ay lerelo.

## Alalá das Mariñas de Sada (Coruña)

Adios rios, adios fontes  
 adios, regatos pequenos  
 adios vista dos meus ollos  
 non sei cando nos veremos.

Como son da mariña  
 como son mariñán  
 levo a pucha ven posta  
 e unha moca n'a man.

S'hoxe me vol da tua veira  
 miña nena melosiña  
 meu corazón non te deixa  
 que n'el estás metidiña

Como son etc.

Adios prados e arboredos,  
 adios montiños e veigas  
 gardádem'a miña xoya  
 que non m'a achuchen as meigas.

Como son etc.

Nena que estás na ventana  
 co'as puntas d'o pano fora  
 recólleas para dentro  
 co pano non me namora.

Como son etc.

## Alalá de Bergantiños

Tefío tres cartos e medio  
 metidos nun tabaqueiro

cásate conmigo nena  
que teño moito diñeiro.

Costureira non a quero  
tecelana xa ma dán  
teñen as pernas delgadas  
de estar o carón do chán.

Agora que foi e foi  
nena non teñas pesare  
agora que foi e foi  
Dios o ha de remediare.

## Alalá sentimental de Triacastela (Lugo)

Miña nai, miña naiciña  
como miña nai ningunha,  
que me quentaba a cariña  
c'o calorciño da sua.

C'o calorciño do seu  
o corpiño me quentaba  
e deitábame no berce  
y a biquiños m'arrolaba.

A biquiños m'arrolaba  
pra qu'eu durmira calado  
miña nai, miña naiciña  
¡moito te teño chorado!

Miña nai como e tan probe  
cando non ten que me dare  
éncheme a cara de bicos  
e dispois rompe a chorare

## Alalá de Padrón (Coruña)

Elas eran de Laiño  
 elas de Laiño son...e  
 collen o xunco na braña  
 vano vender a Padrón.

Cando vou pol-o camiño  
 caminiño de Padrón...e  
 férveme a sangre no corpo  
 e bríncame o corazón.

As rapazas de Laiño  
 eu che direi como son...e  
 moi garridas, churrusqueiras  
 e roxiñas com' o sol.

## Rianxeira

Ay o carballo da portela  
 ay ten a folla revirada  
 ay que lla revirou o vento  
 ay unha mañán de xeada.

Eu fun a Marín  
 eu pasei o mar  
 eu collin naranxas  
 do teu naranxal.

Ay teño un nido de carrizo  
 ay no cañoto de un repolo  
 ay déronme as nenas con él  
 ay levaron cañoto e todo.

Eu fun a Marín, etc., etc.,

Ay moza bonita no mundo  
 ay non habia de nacer  
 ay porque fay como a mazá  
 ay todos a queren comer.

Eu fun a Marín, etc., etc.

Ay vide nenas o gaiteiro  
 ay qu'oxe vos corre a fertuna  
 ay que dentro do fol vos tray  
 ay un rapaz pra cada unha.

### **Alalá do Cebreiro n.º 1**

Míña nay deume unha tunda  
 co aro d' unha peneira  
 miña nay... teña vergonza  
 que ven a xente da feira.

La, la, la, etc.

Catro cousas hay no mundo  
 que revolven o sentido,  
 amar e non ser amado,  
 querer e non ser querido.

La, la la, etc.

### **Foliada de Lózara**

Unha vella moito vella qui qui ri qui  
 más vella co meu chapeo la la ra lá  
 tratáronlle o casamento, qui qui ri qui  
 levantou as maus o ceo la la ra lá.

Cantar virulé qui qui ri qui  
 cantar virulé qui qui ri qui  
 hay la la la lá.

Non te cases cun ferreiro qui qui ri qui  
 que ten moito que lavare la la ra lá,  
 cásate cun mariñeiro qui qui ri qui  
 que ven lavado do mare la la ra lá.

cantar virulé qui qui ri qui  
 etc. etc. etc.

Botáchelle a cinta o dengue, qui qui ri qui  
 coidando de te casare, la la ra lá,  
 as de votar esa y'outra qui qui ri qui  
 y as de quedar como estare la la ra lá.

Cantar virulé etc. etc etc.

## Alalá de Monforte

Non che canto por cantar  
 nin por gana que che teña,  
 canto por dar alegría  
 o curazón que ten pena.

Ay la lá, etc.

Vinde vos vaguas a mí  
 calmar o meu sufrimento  
 ponlle as miñas coitas fin,  
 que si non choro revento.

Ay la lá, etc etc.

## Canto de sega

Ei d' ir as segas a Lugo,  
 y ei de levar a galega,

de dí' átam'o pan  
de noite durmo con ela.

Ay la lá, etc. etc.

Meniña qu'a todos deches  
auga d'o cántaro novo  
y a min solo me deixache  
desconsolado de todo.

Ay la lá, etc. etc.

Mozo d'o sombreiro torto  
ven a' cá, pono direito,  
que che quero perguntare  
o mal que che teño feito

Ay la lá, etc. etc.

### Foliada de Lemos

Miña may por me casare  
meu pay por me dar o dote,  
armaron unha porfía  
rompéronlle os pés o pote.

Ay la lá etc. etc.

Andiven mais de douos anos  
azuruñándolle a porta  
y ela deume como pago  
no fuciño c' unha zoca.

Ay la lá etc. etc.

Si queres que de tí me acorde  
déixame unha cousa tua,  
déixame a tua navalla  
para segar a verdura.

Ay la lá etc. etc.

## Foliada de M. de Adalid

Non me mires dese modo  
que me vas adormentare,  
e non sinto de dormire  
sentirei o despertare.

Pol-o souto pol-a fraga  
pol-a terra e pol-o mare  
vou pensando queridiña  
como tei de namorare.

Non me mires, non me mires,  
que ven miradiña vou,  
inda non me mirou tanto  
o que commigo casou.

## Canto d'o arrieiro

O cantar d'o arrieiro, pin pín  
viri viri vín, ay la la la lá  
e un cantar muy baixiño,  
cando canta en Ribadavia, pin pín  
viri viri vín ay la la la lá  
resona no Carballiño.

Os cregos y os taberneiros pin pín  
viri viri vín, ay la la la lá  
teñen moito parecido:  
os cregos bautizan nenos, pin pín  
viri viri vín ay la la la lá  
y os taberneiros o viño.

O paxaro cando chove, pin pín  
viri viri vín, ay la la la lá

mete o rabo n' a silveira,  
así fan as boas mozas, pin pín  
viri viri vín, ay la la la lá  
cando non hay quen as queira

### **Alalá de Chanfada**

O amor d'a costureira  
era papel e mollouse,  
agora costureiriña  
o teu amor acabouse.

Ay la lá etc. etc.

Si queres saber quen son  
sale a ventana e mira  
que son aquel disgraciado  
que algún tempo te quería

Ay la la et. etc.

### **Alalá de Pontevedra**

Pasey a ponte Maceira  
c' unha veliña encendida  
agora tomei amores  
para toda a miña vida.

Ay la lá etc. etc.

Pasey po la tua porta  
y' engarcei na pechadura  
uhna fala non ma deche,  
curazón de pena dura.

Ay la lá etc. etc.

## Alalá do Cebreiro

Eu caseime c' unha nena  
porqu' ela cantaba ben  
agora morro de fame  
y' o cantar non me mantén.

Ay la lá etc. etc.

Nosa Síñora de Meira  
qu' está no altar mayor  
dalle o aire, dalle o vento  
dalle' a rayola d'o sol.

Ay la lá etc. etc.

Pol'o sombréiro de lado  
pra que che vexan o pelo,  
nin por eso eres bon mozo  
nin has de casar mais cedo.

Ay la lá etc. etc.

O cuco e mais a rula  
iban pol-o prau d'abaixo  
o cuco como é tan pillo  
colleu a rula debaixo.

Ay la lá, etc. etc.

Meniña tan sabedora  
e de tantos desengaños  
quiero que me digas pronto  
as plumas que ten un galo.

Ay la lá, etc. etc.

## Alalá de Cubilleo

*Neira de Jusá (Lugo)*

As mulleres son o diaño  
todo o fan o revés  
vistense pol-a cabeza  
desnúdanse pol-os pés.

Tral-o sombreiriño torto,  
galán pono o direito;  
anque son filla d'un pobre  
non che me poño de xeito.

Paso pol-a tua porta  
de presa, sempre correndo,  
porque non digan teus pais  
que d'amores te pretendo.

O caravel cando nace  
bota as follas o desdén  
como estou en terra estrana  
falo, e non sei con quén.

Teño unha herba n-a horta  
que lle chaman cilidonia;  
pra parrafeiar conmigo  
deuche Dios pouca memoria.

Eu caseime por un ano  
por ver a vida que tiña,  
ahora o ano acabouse  
quen me dera solteiriña.



